

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 18 DE XULLO DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras.

Favorables.-

2921/04.- M^a Angeles Ameneiro Otero.- Legaliz. aos efectos de 1^a ocupación de edificación executada en Santa Eulalia de Bando.

2929/04.- Lorygar, S.L.- Rehabilitación e ampliación e apertura (Lap/346/04) dunha actividade hoteleira de catro estrelas con SPA e WELLNES, na antiga fábrica de papel sita no SUNP-29 de Vidán.

4.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico

Acórdase a aprobación definitiva de dúas subvencións para rehabilitación de vivendas do casco histórico (convenio área de rehabilitación 4^a fase) que de seguido se detallan polo importe de 10.776,82 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Germán González Fieira	R/ Vilar, 6- entresolo	3.470,25
Purificación Pereira Conde	Corredoira das Fraguas, 15-2º A	7.306,57

5.- Aprobación definitiva do cambio de sistema na unidade de xestión número 15 (UX-15) de Picaños e dos Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación.

Acórdase aprobar definitivamente o cambio de sistema na unidade de xestión número 15 (UX-15) de Picaños e dos Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación.

6.- Aprobación definitiva dos Estatutos e Bases da Xunta de Compensación do Plan especial de reforma interior número 12 (PERI-12). Colexio Manuel Peleteiro.

Acórdase aprobar definitivamente os Estatutos e Bases da Xunta de Compensación do Plan especial de reforma interior número 12 (PERI-12). Colexio Manuel Peleteiro.

9.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a realización dos traballos de actualización permanente da Cartografía de referencia municipal

Acórdar aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente de contratación de referencia por concurso e procedemento aberto, para a realización dos traballos de actualización permanente da Cartografía de referencia municipal cun tipo de licitación de 200.000 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 18 meses.

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a redacción dos Plans parciais dos Sectores SUD-1 MALLOU, SUD-2 CANCELAS-A MUIÑA, SUD-3 AMIO NORTE, SUD-5 AMIO SUR e do Plan Especial PU-16 MALLOU-CANCELAS e sistema xeral viario CANCELAS-AMIO (treito camiño de Amio-Porto do Medio).

Acórdase aprobar os devanditos pregos e inicio do expediente de contratación por concurso e procedemento aberto, cun tipo de licitación de 439.900 euros, IVE incluído.

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reparación do pavimento da rúa República Argentina.

Acórdase adxudicar as obras de reparación do pavimento da rúa República Argentina á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA polo importe de 59.947,16 euros, IVE incluído.

12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa á desestimación do recurso de reposición interposto por Aparcamientos Sar, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de abril de 2005.

Acórdase desestimar o referido recurso de reposición, toda vez que foi presentado extemporaneamente.

13.- Adxudicación das obras de acondicionamento do campo da festa de Busto (POS 2005).

Acórdase adxudicar as obras de acondicionamento do campo da festa de Busto (incluídas no POS 2005) á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL por importe de 134.380,73 euros, IVE incluído.

14.- Adxudicación da asistencia técnica para a redacción do proxecto executivo das obras de rehabilitación da antiga estación de Cornes para Casa do Asociacionismo Veciñal 1ª fase.

Acórdase adxudicar a asistencia técnica para a redacción do devandito proxecto ao arquitecto Antonio Pena Rey, por importe de 6.500 euros, IVE incluído.

15.- Impartición da actividade formativa "Primeiros Auxilios e Excarceración" dirixido ó persoal do Servicio de Extinción de Incendios.

Acórdase que José Luís Romero Antolín, Juan Carlos Rodríguez Caviedes e José Mª Villafañe BAdás, e Javier Capdepon, do "Grupo de Rescate, bomberos de Valladolid" impartan unha edición de 20 horas da actividade formativa "Primeiros auxilios e excarceración" dirixido ao persoal do corpo de Bombeiros do Concello de Santiago, nos períodos que van do 19 ao 23 de de setembro deste ano, consonte ao programa e metodoloxía achegados. O custo deste curso é de 6.648,58 euros.

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras incluídas no proxecto de ordenación funcional da rúa San Lázaro (Rúa A Muiña) 2ª fase.

Apróbase o devandito prego así como o inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras incluídas no proxecto de ordenación funcional da rúa San Lázaro (Rúa A Muiña) 2ª fase cun tipo de licitación de 25.420,14 euros, IVE incluído.

17.- Proposta dos Concelleiros Delegados de Centros Socioculturais e Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de acabado da terceira planta do Centro Sociocultural de Fontiñas

Apróbase o devandito proxecto por un importe de 136.969,70 euros e un prazo de execución de tres meses.

18.- Proposta da Concelleira Delegado de Limpeza relativa á aprobación do pregos e inicio do expediente de contratación da xestión do servizo de vertedoiro urbano de Aríns no Concello de Santiago.

Apróbbase o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como o inicio do expediente de contratación para a xestión do servizo de vertedoiro urbano de Aríns no Concello de Santiago.

19.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación do subministro de 100 bolardos tipo "CIUDAD" NG-671 para o Concello de Santiago.

Apróbbase a adxudicación de referencia á empresa "Fundaciones Colomer" por un importe de 24.940 euros, IVE engadido.

20.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación do subministro de bolardos tipo "CHATEAUNEUF" con chave para o Concello.

Apróbbase a adxudicación de referencia á empresa "Aplicación de Pinturas API SA" por un importe de 8.192,62 euros, IVE engadido.

21.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación dos gastos de cesión de terreos para as obras da Ponte da Rocha.

Apróbbase o gasto das obras necesarias, por importe de 10.310,45 euros e acórdase a súa adxudicación á empresa Egoysa SL, adxudicataria das obras de restauración da Ponte da Rocha.

22.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación do subministro de 76 traxes de auga para o persoal do Servicio de Extinción de Incendios.

Acórdase a adxudicación de refencia a favor da empresa ITURRI SA por importe de 28.190,68 euros, IVE incluído, ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

23.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda relativa á adquisición de versión en rede de *Aranzadi, lexislación e xurisprudencia*.

Acórdase adquirir a versión en rede da base de datos *Aranzadi, lexislación e xurisprudencia* que se detalla no expediente polo importe de 6.346,36 euros.

26.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda e Reforma Administrativa relativa a subvención solicitada para Casa das Asociacións de Servizos Sociais.

Atendendo o escrito do Ministerio de Administracións Públicas, acórdase adoptar o compromiso do Concello de habilitar con cargo aos orzamentos municipais a cantidade necesaria para facer fronte á aportación municipal para o proxecto de "Casa das Asociacións de servizos Sociais", cuxo importe ascende a 1.000.000 euros.

31.- Dar conta de Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Gas Galicia S.D.G., S.A.

Dase conta do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Gas Galicia S.D.G., S.A. asinado o pasado 8 de xullo para o desenvolvemento do programa "Compostela Festival" no marco das Festas do Apóstolo.

32.- Dar conta de Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e Concello de Santiago de Compostela en materia de actuacións na area de rehabilitación do casco histórico de Santiago de Compostela. Terceira fase.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio o pasado o 30 de xuño de 2005.